

MareGIS

Manual de administrador de sistemas

QUADRALIA


Manual de administrador de sistemas

Desenvolvimento interno

Proyecto MareGIS

Data 29/10/11

Revisión 2

	Páxina 2 de 9	Data: 29/10/2011
	Proxecto: MareGIS	Revisión: 2
	Documento: Manual de administrador de sistemas	

Datos de contacto

Quadralia, S.L.
 NIF: B27742337
 Rúa Tranvía nº 1, 1ª Planta
 36400 O Porriño
 Pontevedra

Tlfn: +34 986134376
 +34 986481334
 Fax: +34 986138050

info@quadralia.com
www.quadralia.com

Propiedade intelectual

Este documento está licenciado baixo a licenza [Licenza Creative Commons Recoñecemento - Sen Obra Derivada 3.0 España \(CC BY-ND 3.0\)](https://creativecommons.org/licenses/by-nd/3.0/).



Cofinanciación

Este proxecto foi cofinanciado por



Índice

1	Introdución e Obxectivos.....	4
2	Prerrequisitos.....	5
3	Instalación.....	6
3.1	Descarga dos arquivos.....	6
3.2	Instalación dos arquivos.....	6
3.3	Exemplo de instalación.....	7
3.3.1	Descrición.....	7
3.3.2	Descompresión de arquivos.....	7
3.3.3	Importación da base de datos.....	7
3.3.4	Instalación da aplicación.....	9

1 Introducción e Obxectivos

Este manual pretende explicar a instalación e posta en marcha do sistema MareGIS.

Procederáse á explicación xenérica do proceso, e, a continuación, a unha explicación detallada da instalación do sistema nun entorno de exemplo.

O obxectivo deste documento é expoñer o proceso de instalación dos sistema para un usuario “Administrador de Sistemas”, de xeito que se facilite a labor do mesmo á hora da posta en marcha do sistema.

Presuponse un coñecemento medio de administración de sistemas (fundamentalmente Linux) e de administración e configuración de servidores web ([Apache](#)) e de servidores de base de datos ([MySQL](#)).

2 Prerequisitos

Será necesario dispor dos seguintes elementos antes de proceder á instalación do sistema:

- Entorno [PHP](#) 5.2 ou superior.
- [MySQL](#) 5.0 ou superior.
- Servidor web ([Apache](#), Nginx, ...).
- Espazo web no que aloxar o portal.

Na elaboración deste documento úsase Apache 2.2 como servidor web e un servidor Linux Ubuntu Server 10.04 64 bits configurado para hospedar o portal.

3 Instalación

3.1 Descarga dos arquivos

Para proceder á instalación, en primeiro lugar, deberanse de descargar os seguintes arquivos:

- http://maregis.quadralia.com/src/20111029_maregis_codigo_fonte.zip
- http://maregis.quadralia.com/src/20111029_maregis_sql.zip

O arquivo [20111029_maregis_codigo_fonte.zip](http://maregis.quadralia.com/src/20111029_maregis_codigo_fonte.zip) contén o código fonte da aplicación web.


O arquivo [20111029_maregis_sql.zip](http://maregis.quadralia.com/src/20111029_maregis_sql.zip) contén a estrutura da base de datos do sistema.

Pode comprobar na dirección web <http://maregis.quadralia.com/src/> se existe algunha versión máis recente tanto do código fonte como da estrutura da base de datos do sistema.

3.2 Instalación dos arquivos

En primeiro lugar deberase descomprimir o arquivo [20111029_maregis_sql.zip](http://maregis.quadralia.com/src/20111029_maregis_sql.zip). O arquivo [maregis.sql](http://maregis.quadralia.com/src/20111029_maregis_sql.zip) extraído deberá ser importado a un servidor base de datos MySQL accesible dende o espazo web destinado ó aloxamento do portal. Recoméndase empregar a ferramenta [phpMyAdmin](http://www.phpmyadmin.net/), que é unha ferramenta web de administración da base de datos MySQL. Outra ferramenta interesante para realizar esta importación é [MySQL Workbench](http://www.mysql.com/workbench/), que é unha ferramenta de escritorio de xestión para a base de datos MySQL.

En segundo lugar, será preciso descomprimir o arquivo [20111029_maregis_codigo_fonte.zip](http://maregis.quadralia.com/src/20111029_maregis_codigo_fonte.zip). A continuación, deberanse mover o contido do cartafol [20111029](http://maregis.quadralia.com/src/20111029_maregis_codigo_fonte.zip) ó cartafol raíz do espazo web destinado a aloxar o sistema.

	Página 7 de 9	Data: 29/10/2011
	Proxecto: MareGIS	Revisión: 2
	Documento: Manual de administrador de sistemas	

3.3 Exemplo de instalación

3.3.1 Descrición

Procederase a continuación a unha explicación con máis detalle, a partir dun exemplo, no que se cumpren as seguintes condicións:

- PC con sistema operativo Windows 7 dende o que se realiza a instalación.
- Servidor en entorno Linux.
- Servidor web Apache 2.2.
- PHP 5.2.8.
- Servidor de base de datos MySQL 5.1.
- Ferramenta de administración de base de datos Phpmyadmin 3.3.7
- Servidor FTP vsftpd.

3.3.2 Descompresión de arquivos

Para descomprimir os arquivos, poderase usar calquera ferramenta que dea soporte a arquivos comprimidos en formato [.zip](#). Existen diferentes versións de programas, tanto gratuítos como de pago. ([IZArc](#), [WinZip](#), [7-Zip](#), [WinRAR](#),...).

Recoméndase descomprimilos nun cartafol cunha ruta sinxela para facilitar o acceso aos arquivos cando sexa necesario.

3.3.3 Importación da base de datos

Para importar a base de datos a través de phpMyAdmin, deberase iniciar sesión cun usuario con privilexios de creación de bases de datos.




Ilustración 1: Menú principal de phpMyAdmin

Unha vez iniciada a sesión, deberá acceder á opción “Importar” do menú principal de phpMyAdmin, resaltada en vermello na Ilustración 1.

Archivo a importar

Localización del archivo de texto (Tamaño máximo: 600MB)

Juego de caracteres del archivo:

La compresión escogida para el archivo a importar se detectará automáticamente de: Ninguna, gzip, bzip2, zip

Importación parcial

Permita la interrupción de la importación en el caso de que el script detecte que se ha acercado a su límite de tiempo. Esto podría ser un buen método para importar archivos grandes; sin embargo, puede dañar las transacciones.

Número de registros (consultas) a saltarse desde el inicio

Formato del archivo importado

CSV

Open Document Spreadsheet

SQL

Excel 97-2003 XLS Workbook

Excel 2007 XLSX Workbook

XML

Opciones

Modalidad compatible con SQL

Do not use AUTO_INCREMENT for zero values

Ilustración 2: Pantalla de importación de archivos

A continuación deberá de seleccionar o archivo maregis.sql extraído anteriormente haciendo clic no botón Examinar (ver Ilustración 2). Ao presionar o botón aparecerá un diálogo de selección de archivo do sistema, no que deberá de seleccionar o archivo maregis.sql extraído no paso anterior.

Unha vez seleccionado, deberase pulsar en Continuar. O proceso de importación comenzará de forma automática.

Outros métodos alternativos tales como o uso de [mysqldump](#) ou de ferramentas administrativas coma [MySQL Workbench](#), son igualmente válidos.

3.3.4 Instalación da aplicación

Deberá subir os arquivos extraídos do arquivo co código fonte no directorio raíz do espazo web destinado ao aloxamento do portal.

Este proceso pode ser levado a cabo de diversas formas:

- Cun programa cliente FTP.
- Vía scp.
- A través do panel de administración do hosting.
- ...

No sistema de exemplo, o servidor dispón de acceso ftp, e este será o método de subida empregado.

Outra alternativas adicionais, tales como descargar os arquivos, mediante [wget](#), directamente no servidor e descomprimilos no cartafol correspondente, son igualmente válidas.

A experiencia do administrador e as condicións e limitacións de acceso ao espazo web dispoñible serán as que condicionen o proceso de subida dos arquivos da aplicación ao mencionado espazo.

Tras subir os arquivos descomprimidos, en último lugar, podería ser preciso editar o arquivo `/config/configuracion.php` de forma que os seguintes campos conteñan a información correcta para o acceso á base de datos.

```
const DB_HOST = 'localhost';  
const DB_USER = 'usuario';  
const DB_PASS = 'contrasinal';  
const DB_PORT = 3306;
```